



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso
administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 620 075
Fax: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2022/G010/000015
Sesión núm. 15/2022-Pleno

Para o seu coñecemento comunícolle que o 04.11.2022 presentouse no Rexistro de entrada do Concello con todos os requisitos legais establecidos no artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, unha moción de censura, quedando convocado por ministerio da Lei á seguinte sesión plenaria:

PRIMEIRO.- Queda convocada segundo o artigo 197 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral sesión do Concello Pleno a celebrar o 18 de novembro de 2022, venres, ás 12:00 horas, na Casa do Concello.

SEGUNDO.- Fixar a seguinte **ORDE DO DÍA:**

ÚNICO.- MOCIÓN DE CENSURA.

O que lle dou traslado pola súa condición de interesado.

Documento asinado dixitalmente pola secretaria do concello, María del Carmen Seoane Bouzas, o 07 de novembro do 2022.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2022/G003/001869

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

Modificación do lugar de realización da sesión Plenaria extraordinaria do 2022-11-18, sobre moción de censura ao alcalde (15/2022-P).

Na comunicación da convocatoria da sesión plenaria do día 18 de novembro de 2022 ás 12:00 horas, figura como lugar de celebración da mesma a Casa do Concello.

Logo de ser coñecedor do informe sobre o “Dispositivo de Seguridade”; emitido o día 11 de novembro de 2022 polo Oficial-Xefe Acctal da Policía Local (que se acompaña a esta resolución), onde se reflicte como lugar de celebración da sesión a idoneidade que presenta o Auditorio da Casa da Cultura, tanto polas características propias do edificio como pola ubicación do mesmo.

Considerando o disposto no artigo 5 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, publicada no BOE núm 147, de 20 de xuño de 1985 que literalmente se transcribe :

Art.5.- El Alcalde, en el ejercicio de sus competencias, está obligado a impedir cualquier acto que perturbe, obstaculice o impida el derecho de los miembros de la Corporación a asistir a la sesión plenaria en que se vote la moción de censura y a ejercer su derecho al voto en la misma. En especial, no son de aplicación a la moción de censura las causas de abstención y recusación previstas en la legislación de procedimiento administrativo.

Considerando o disposto no artigo 49 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, publicado no BOE do 22 de abril de 1986 que literalmente se transcribe:

Art. 49 Celebración de las sesiones.- Las sesiones se celebrarán en la Casa Consistorial o en el Palacio Provincial que constituya la sede de la respectiva Corporación. En los casos de fuerza mayor, podrán celebrarse en edificio habilitado al efecto,

RESOLVO:

Nomear como lugar de celebración da sesión plenaria do día 18 de novembro de 2022, o Auditorio da Casa da Cultura en aras a garantir a seguridade e integridade tanto dos membros da Corporación como do resto dos asistentes ao acto, dada a gran repercusión mediática e o número de asistentes que se prevé que acudan á mesma.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.